



Dialogar non debera ser difícil



Suso de Toro

Logo da publicación nesta revista dun texto meu, «Incitación á humillación», e dun comentario de Pedro Castelao sobre o propio texto e sobre o meu opúsculo *Humildar (Rituais despois de Deus)*, véxome impelido a escribir novamente e non sei se será útil, pois non pode ser un diálogo, xa que, mágoa, non me é posible dialogar co texto de Castelao.

Teño ben pouca confianza na vitalidade intelectual da cultura en lingua galega e outro tanto me ocorre coa española; efectivamente, móvense dentro de tópicos dunha modernidade mecánica e resesa, incapaz de recoñecer a súa obsolescencia. Desá banda, unicamente agardaba burla e sarcasmos que non habían permitir un diálogo, de modo que alegroume que desde estoutra banda do pensamento católico galego houbera unha recepción. Porén, a lectura de Pedro Castelao resultoume completamente allea, coma se a diferenza entre a súa linguaxe e a que eu quero para min fose mesmo antropolóxica. Coma se estivésemos en momentos da vida tan diferentes, que non permiten un verdadeiro diálogo; coma se fóssemos persoas tan distintas e tamén enfrontadas por soste roles contrarios, que non houbera posibilidade de entendemento e só me coubera a defensa.

O seu texto titúlase «En diálogo con Suso de Toro a propósito de *Humildar: rituais despois de Deus*; mais coido que a natureza do texto non é o diálogo e non vai dirixido a min; entendo que máis ben apunta aos reparos que me fai, coa finalidade de alertar sobre os meus erros as persoas que seguen esta revista.

Sentín que me impelía a me defender perante unha autoridade que comentaba o texto baixo a luz dunha ortodoxia. Dese xeito,